

A fragmentación dos medios debido ó avance de Internet fai que a publicidade tradicional se atope ante un escenario absolutamente novo, que está a por fin ó modelo publicitario que veu imperando nos últimos 50 anos.


Comparativa das distintas variables relacionadas coa publicidade en Galicia e en España. 2008.

	Televisión de Galicia	Total de cadeas	TVG/Total
Investimento declarado en publicidade en TV (millóns de Euros)	24,16	2.988,08	0,81%
Minutos de publicidade emitidos en TV	51.643	1.665.679	3,10%
Número de spots emitidos en TV	136.100	4.434.770	3,07%
GRP's (2007)	322.619	3.105.773	10,39%


GRP: medida da audiencia publicitaria dun medio que equivale a un 1% do universo potencial total da audiencia.

- A publicidade vive unha "crise de modelo" provocada polos efectos de internet e as novas tecnoloxías.
- O **investimento real estimado en España en medios convencionais** alcanzou os 7.102,5 millóns de euros no ano 2008, o que supón un decrecemento do 11,1% respecto ao ano anterior.
- O **investimento publicitario en TV** diminuíu en España un 11,1 % en 2008.
- A televisión autonómica galega tivo un **descenso do investimento publicitario** dun -6,8% respecto a 2007, aínda que mantén a súa cota de mercado no 0,8%.
- Os **vinte primeiros anunciantes** da Televisión de Galicia investiron 12.772.625 € no ano 2008, o que representa o 52,86% do total obtido pola cadea.
- A Televisión de Galicia emitiu no 2008 o 6,89% dos **anuncios** e o 6,74% dos **minutos de publicidade** dos canais autonómicos españois.
- A partir de setembro de 2009, o goberno eliminará a publicidade de **Televisión Española**, ao estilo francés.
- Os anunciantes consideran que a eliminación da publicidade diminúe a recuperación do crecemento económico.
- A **publicidade integrada en xogos** parece non ser a máis efectiva.
- O **mercado da televenda** en España, en fase de expansión, ascenderá a 760 millóns en 2012.

Evolución do investimento publicitario declarado na Televisión de Galicia. 1994-2008.



Tipo de publicidade na TVG en % sobre os minutos totais das televisións. 2008.



Evolución do número de spots publicitarios na Televisión de Galicia. 1994-2008.

